

COMUNICACIÓN DA REALIZACIÓN DAS:

**Cachelas San Xoan**  
**23 DE XUÑO**

**DATOS DO PROMOTOR**

1º Apelido		2º Apelido	
------------	--	------------	--

Nome		DNI/NIF	
------	--	---------	--

Enderezo		C.P.	
----------	--	------	--

Teléfonos	
-----------	--

No caso de actuar en representación de alguén, apelidos e nome ou razón social representada	
---	--

**EXPÓN**, que se proxecta a celebración do San Xoán cunha cachela, o **23 de xuño**:

Lugar e parroquia da cachela	
------------------------------	--

Quen asina abaixo, logo dos trámites oportunos, **SOLICITA** realizar **A CACHELA DE SAN XOAN NA DATA SINALADA e recibo copia do Bando que regula as normas de mínimo cumprimento, que se cumpriran de forma exhaustiva e exacta.**

**Cerceda, .....de xuño de 2018**

Sinatura
----------

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERCEDA**

## **BANDO**

Ponse en coñecemento da veciñanza de Cerceda, que ante a celebración na noite do 23 da Festa de San Xoán con unha xornada nocturna protagonizada polo lume das fogueiras ou cachelas, o Concello establece unha serie de normas para evitar accidentes e así garantir a seguridade de todas e todos os que nelas participan e, ao mesmo tempo, evitar molestias ao resto da cidadanía.

1ª.- Este Bando afecta unicamente a aquelas cachelas que sexan realizadas o día 23 de xuño, a partir das 18:00 horas, as cales deberán quedar perfectamente apagadas antes das 06:00 horas do día seguinte.

Unicamente poderán ser realizadas aquelas fogueiras que teñan efectuada a comunicación, por escrito, ao Concello de Cerceda. Estas comunicacións só poderán presentarse no Concello entre os días **1 e 20 de xuño de 2018**, séndolle de aplicación o disposto no presente bando. As cachelas poderanse realizar unicamente o día 23 de xuño, calquera outra que pretenda realizarse fóra deste período non poderá ser autorizada polo Concello ao atoparnos en período de máximo risco de incendio.

As cachelas só se poderán realizar nos núcleos tradicionais e urbanos, nunca en terreos forestais

Os responsables e organizadores de cada fogueira deben retirar do lugar de celebración todos os restos totalmente apagados, que queden unha vez rematada a queima. Tomaranse as seguintes medidas de precaución:

- a) Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar. No prender lume preto de calquera masa forestal ou matogueira (50 metros de distancia mínima)
- b) Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.
- c) Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- d) En toda queima autorizada deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco que supoñen este tipo de queimas para a seguridade e saúde do persoal que as leva a cabo, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que a súa extensión sexa pequena e en principio se considere que o risco é mínimo.

2ª.- Queda totalmente prohibido realizar lume en solos rústicos con calquera uso (agropecuaria, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente. Non se poderán realizar fogueiras que interrompan ou deterioren estradas nin camiños.

3ª.- Queda prohibido queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, fedorentos, explosivos (incluídos os aerosois) ou tóxicos e, en xeral, calquera tipo de residuos.

4ª.- As fogueiras non poderán facerse en lugares próximos á liña eléctrica, inmobles, zonas verdes ou de xardíns, e naqueles nos que poidan crearse situacións de perigo.

5ª.- As fogueiras situaranse a unha distancia mínima de 15 metros de árbores e edificacións e non se deixará que o lume supere os 1,5 metros de altura. Nas vivendas próximas a fogueiras, é conveniente pechar as fiestras e gardar os produtos inflamables que poida haber nas terrazas e por seguridade non deben aparcarse vehículos cerca das fogueiras

6ª.- Evitarase a acumulación de combustible no contorno da cachela e disporase de material para a extinción do lume, como caldeiros con auga ou extintores.

7ª.- Os organizadores de fogueiras que impliquen a celebración de "sardiñadas ou churrascadas" deberán procurar que a zona quede limpa de restos, depositando os residuos orgánicos no colector verde e os envases plásticos, latas e bricks no colector amarelo. En calquera caso, cumprírase co indicado ao respecto na Ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente do Concello de Cerceda.

8ª.- En caso de incumprimento do indicado ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.

Asinado dixitalmente en Cerceda  
polo Alcalde José García Liñares